

O DÍA DA POESÍA

Os alumn@s de 4º de primaria do Colexio Curros Enríquez, participamos nunha actividade para o día internacional da Poesía. A actividade consistía en recitar unha poesía con xestos diante doutros colexios na Praza Maior o xoves 19 de marzo.

Para preparala, veu unha monitora do Concello chamada Sabela. Sabela trouxo varias poesías e tivemos que escoller unha para recitar. Decantámonos por unha titulada "NON SEI POR ONDE VEÑO" de Antonio García Teijeiro. Para recitar a poesía tivemos que inventar xestos que representaran o que dicíamos.

O día da actuación, o xoves 19 , acudimos a Praza Maior para o "gran momento". Unha vez alí comezamos a aventura. Sentámonos na escalinata de Santa María Nai e alí escoitamos as poesías que os nenos dos diferentes colexios ían recitando. Eran moi bonitas! Había de piratas, de avións, de naves espaciais...Puxémonos nerviosos. Saímos a recitar e...fixémolo MOI BEN!!!

FOI MOI DIVERTIDO!!

Sofía e Paula Cueto de 4º